

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15006754	Ferrolterra	Ferrol	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
MAM	Madeira, moble e cortiza	CSMAM01	Deseño e amoblamento	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0993	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JAVIER IGNACIO JUAN JOSE DONESTEVE VARELA DE LIMIA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP Dual que se desenvolverá nas empresas Noa madeira creativa SL, Industria Cándido Hermida SL e, Severiano artesanía, S.A. e no CIFP Ferrolterra, firmado polo conselleiro de educación e as empresas no 2022.

Este proxecto toma como referencia o currículo de formación profesional establecido no DECRETO 216/2012, do 11 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de TÉCNICO SUPERIOR EN DESEÑO E AMOBLAMENTO.

Publicado o Real decreto 1579/2011, do 4 de novembro, polo que se establece o título de técnico superior en Deseño e Amoblamento e se fixan as súas ensinanzas mínimas, e de acordo co seu artigo 10.2, correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer o currículo correspondente no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Consonte o anterior, este decreto desenvolve o currículo do ciclo formativo de formación profesional de técnico superior en Deseño e Amoblamento. Este currículo adapta a nova titulación ao campo profesional e de traballo da realidade socioeconómica galega e ás necesidades de cualificación do sector produtivo canto a especialización e polivalencia, e posibilita unha inserción laboral inmediata e unha proxección profesional futura.

O currículo que se establece neste decreto desenvólvese tendo en conta o perfil profesional do título a través dos obxectivos xerais que o alumnado debe alcanzar ao finalizar o ciclo formativo e os obxectivos propios de cada módulo profesional, expresados a través dunha serie de resultados de aprendizaxe, entendidos como as competencias que deben adquirir os alumnos e as alumnas nun contexto de aprendizaxe, que lles permitirán conseguir os logros profesionais necesarios para desenvolver as súas funcións con éxito no mundo laboral.

Asociada a cada resultado de aprendizaxe establécese unha serie de contidos de tipo conceptual, procedemental e actitudinal redactados de xeito integrado, que proporcionarán o soporte de información e destreza precisos para lograr as competencias profesionais, persoais e sociais propias do perfil do título.

A competencia xeral deste título consiste en deseñar mobles e elementos de carpintería, xestionar a súa produción e a súa instalación, e participar no mantemento dos sistemas de calidade, de protección ambiental e de prevención de riscos laborais.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Elaborar propostas de deseño de mobles e elementos de carpintería de madeira, identificando tendencias e necesidades do mercado.
- b) Realizar o deseño técnico de produtos de carpintería e moble, asegurando a súa viabilidade técnica e económica.
- c) Mellorar o deseño de mobles e elementos de carpintería, incorporando modificacións como resultado da realización de prototipos e ensaios.
- d) Propor solucións de amoblamento, satisfacendo os requisitos da clientela e os condicionantes técnicos e económicos para a súa execución.
- e) Elaborar proxectos de instalación de elementos de carpintería de madeira e de moblaxe, onde se describa e se valore a solución adoptada.

- f) Xestionar o aprovisionamento de materias primas, produtos e compoñentes, controlando a súa recepción e o nivel de existencias.
- g) Planificar e controlar a fabricación de elementos de carpintería e moble, definindo procesos, organizando recursos e supervisando produtos.
- h) Elaborar programas para o mecanizado de elementos de carpintería e moble, aplicando técnicas de fabricación asistida por computador.
- i) Coordinar e supervisar a montaxe de elementos de carpintería e amoblamento, organizando recursos e verificando estándares de calidade.
- j) Elaborar plans de xestión de residuos en industrias de carpintería e moble, asegurando o cumprimento da normativa.
- k) Adaptarse ás novas situacións laborais, mantendo actualizados os coñecementos científicos, técnicos e tecnolóxicos relativos ao seu ámbito profesional, xestionando a súa formación e os recursos existentes na aprendizaxe ao longo da vida e utilizando as tecnoloxías da información e da comunicación.
- l) Arranxar situacións, problemas ou continxencias con iniciativa e autonomía no ámbito da súa competencia, con creatividade, innovación e espírito de mellora no traballo persoal e no dos membros do equipo.
- m) Organizar e coordinar equipos de traballo con responsabilidade, supervisando o seu desenvolvemento, mantendo relacións fluídas, asumindo o liderado e achegando solucións aos conflitos grupais que se presenten.
- n) Comunicarse con iguais, superiores, clientela e persoas baixo a súa responsabilidade, utilizando vías eficaces de comunicación, transmitindo a información e os coñecementos adecuados, e respectando a autonomía e a competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- ñ) Xerar ámbitos seguros no desenvolvemento do seu traballo e no do seu equipo, supervisando e aplicando os procedementos de prevención de riscos laborais e ambientais, de acordo co establecido pola normativa e cos obxectivos da empresa.
- o) Supervisar e aplicar procedementos de xestión de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- p) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- q) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As persoas con este perfil profesional exercerán a súa actividade no sector da produción e a instalación de carpintería e moble, en pequenas, medianas e grandes empresas, por conta allea ou por conta propia, desenvolvendo funcións de deseño técnico, supervisión da produción, fabricación automatizada, execución de proxectos de amoblamento e montaxe de instalacións.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Debuxante proxectista de mobles.
- Técnico/a en desenvolvemento de produtos de carpintería e mobles.
- Proxectista de carpintería e moble.
- Xerente de empresas de madeira, moble e outras manufacturas.
- Técnico/a de control de calidade en industrias de madeira e cortiza.
- Encargado/a de oficina técnica.
- Xefe/a de fabricación.
- Controlador/a de produción.

- Xefe/a de sección.
- Xefe/a de equipo.

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Identificar requisitos de posibles clientes e tendencias de mercado, elaborando esbozos e debuxos a man alzada coa información salientable para elaborar propostas de deseño.
- b) Determinar materiais e procesos para a produción de mobles e elementos de carpintería, propondo solucións de fabricación para realizar o deseño técnico.
- c) Elaborar e analizar prototipos, valorando a incidencia do resultado de ensaios normalizados para mellorar o deseño.
- d) Elaborar documentación técnica para a fabricación de moblaxe, avaliando alternativas que satisfagan o programa de necesidades, para propor solucións de amoblamento.
- e) Determinar traballos de instalación de carpintería de madeira e de moblaxe, realizando memorias, planos e orzamentos para elaborar proxectos de instalación.
- f) Identificar os materiais e os produtos empregados en carpintería e moble, relacionando as súas propiedades e as súas características cos condicionantes, para xestionar o aprovisionamento de materias primas.
- g) Caracterizar procesos de produción en carpintería e moble, establecendo a secuencia das operacións e determinando os recursos para planificar e controlar a súa fabricación.
- h) Identificar e establecer a secuencia dos procesos de produción automatizada de elementos de carpintería e moble, relacionando as operacións de mecanizado coas instrucións de control numérico, para elaborar programas de fabricación asistida por computador.
- i) Identificar, establecer a secuencia e caracterizar operacións de composición, unión e axuste de elementos de carpintería e amoblamento en relación cos recursos e condicionantes, para coordinar e supervisar a súa montaxe no taller e/ou a súa instalación en obra.
- j) Identificar a normativa ambiental de aplicación en industrias da madeira e do moble, e xustificar as medidas para a utilización de materias primas e recursos, para elaborar plans de xestión de residuos.
- k) Analizar e utilizar recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e coas tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- l) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- m) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- n) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- ñ) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- o) Avaliar situacións de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, e propor e aplicar medidas de prevención persoais e colectivas, de acordo coa normativa aplicable nos procesos do traballo, para garantir ámbitos seguros.
- p) Identificar e propor as accións profesionais necesarias para dar resposta á accesibilidade e ao deseño universais.
- q) Identificar e aplicar parámetros de calidade nos traballos e nas actividades que se realizan no proceso de aprendizaxe, para valorar a cultura da avaliación e da calidade, e ser quen de supervisar e mellorar procedementos de xestión de calidade.
- r) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- s) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.



O módulo profesional E.I.E contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara o autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

a) Os obxectivos, formulados como resultados da aprendizaxe, os contidos, a organización e metodoloxía teñen en conta as necesidades de desenvolvemento económico, social e de recursos humanos do ámbito socioproductivo e responden ás características xerais e específicas dos nosos alumnos.

b) No noso Instituto existen posibilidades de utilización de aulas de informática con conexión a internet, e nestes momentos os alumnos en xeral teñen a posibilidade de acceder aos devanditos medios fóra da xornada lectiva; por iso neste módulo é aconsellable que os alumnos accedan a unha gran cantidade de información dispoñible a través de internet para a realización do proxecto. Non obstante, na avaliación inicial o profesor correspondente determinará se ten posibilidades de uso de medios informáticos e internet en función da asignación de aulas ou das capacidades e posibilidades dos alumnos e alumnas.

No desenvolvemento do módulo de E.I.E, no relativo ao perfil profesional, axúdase a acadar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais:

- p) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional, con sentido da responsabilidade social.
- q) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da súa actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación, participando activamente na vida económica, social e cultural.

A formación do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora contribúe a alcanzar os seguintes obxectivos xerais:

- k) Analizar e utilizar recursos e oportunidades de aprendizaxe relacionados coa evolución científica, tecnolóxica e organizativa do sector e coas tecnoloxías da información e da comunicación, para manter o espírito de actualización e adaptarse a novas situacións laborais e persoais.
- l) Desenvolver a creatividade e o espírito de innovación para responder aos retos que se presenten nos procesos e na organización do traballo e da vida persoal.
- m) Tomar decisións fundamentadas, analizando as variables implicadas, integrando saberes de distinto ámbito e aceptando os riscos e a posibilidade de equivocación, para afrontar e resolver situacións, problemas ou continxencias.
- n) Desenvolver técnicas de liderado, motivación, supervisión e comunicación en contextos de traballo en grupo, para facilitar a organización e a coordinación de equipos de traballo.
- ñ) Aplicar estratexias e técnicas de comunicación, adaptándose aos contidos que se vaian transmitir, á finalidade e ás características das persoas receptoras, para asegurar a eficacia nos procesos de comunicación.
- r) Utilizar procedementos relacionados coa cultura emprendedora, empresarial e de iniciativa profesional, para realizar a xestión básica dunha pequena empresa ou emprender un traballo.
- s) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, tendo en conta o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

De acordo coa planificación establecida no Anexo do Convenio, para o Curso 2023-2024, o módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora ten asignadas un total de 53 horas que se organizan do modo seguinte:

- Formación no centro educativo: 53 horas.

- Formación na empresa: 0 horas

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	0	0
2	O emprendedor, idea e proxecto empresarial.	Conceptos básicos vinculados ao espírito emprendedor, o empresario-innovador e a idea de emprender.	10	17
3	A empresa e o seu contorno.	Concepto, funcións, clasificación, análise do contorno e a cultura empresarial. A responsabilidade social corporativa.	9	17
4	O plano de marketing e produción.	A función comercial: Estudo de mercado e marketing-mix. Análise da produción: aprovisionamentos, custos e rendibilidade. Os recursos humanos.	9	17
5	Forma xurídica e trámites de constitución.	Distinción entre personalidade física e xurídica: vantaxes e desvantaxes. Trámites básicos para crear unha empresa.	9	17
6	O plano económico e financeiro da empresa.	O financiamento, as contas anuais e a viabilidade económica e financeira da empresa.	9	17
7	A xestión empresarial.	Xestión de almacén. Documentación básica administrativa da empresa: elementos e confección. Obrigas e xestión fiscal. Libros contables.	7	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O emprendedor, idea e proxecto empresarial.	10

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de madeira, moble e cortiza.

Criterios de avaliación
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do deseño e o amoblamento, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de deseño e amoblamento (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).</p> <p>A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.</p> <p>Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.</p> <p>A actuación das persoas emprendedoras no sector de madeira, moble e cortiza.</p> <p>O risco como factor inherente á actividade emprendedora.</p> <p>Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.</p> <p>Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.</p> <p>Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito do deseño e o amoblamento.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	A empresa e o seu contorno.	9

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa do deseño e o amoblamento en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada co deseño e o amoblamento e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de deseño e amoblamento, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.3.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Contidos
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de deseño e amoblamento: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de deseño e amoblamento: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	O plano de marketing e produción.	9

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de deseño e amoblamento, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.4.e) Contidos

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Forma xurídica e trámites de constitución.	9

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de madeira, moble e cortiza.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.5.e) Contidos

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O plano económico e financeiro da empresa.	9

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de deseño e amoblamento tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

Criterios de avaliación

CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.

CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.6.e) Contidos
Contidos

Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de deseño e amoblamento.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de madeira, moble e cortiza.

Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.

Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.

Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	A xestión empresarial.	7

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co deseño e o amoblamento, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa de deseño e amoblamento, e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.

4.7.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de deseño e amoblamento: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p>A profesora dará ao alumnado, na primeira semana de clase, a información relativa a programación do módulo con especial referencia aos obxectivos, os mínimos exixibles e os criterios de avaliación e cualificación e informaralles sobre onde a teñen a súa disposición para consulta, sendo en todo caso facilmente accesible (na páxina web do centro e na aula virtual da docente.).</p> <p>Para aprobar o módulo o alumno/a deberá obter avaliacións positivas respecto os mínimos exixibles que así se indicaron no Apartado 4.c da programación do módulo.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Identificouse o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos. - Analizouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social. - Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector. - Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito do sector, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial. - Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa. - Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego. - Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
--

- Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
- Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa en función da súa posible localización.
- Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
- Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa do sector e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
- Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
- Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
- Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
- Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector.
- Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
- Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
- Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
- Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
- Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas do sector tendo en conta a súa localización.
- Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
- Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
- Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa do sector e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anuais).
- Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

Na 1ª avaliación serán avaliadas as unidades didácticas 1, 2, 3 e na 2ª avaliación desde a 4 ata a 6.

Para a avaliación dos coñecementos acadados por cada alumno no módulo utilizaranse os seguintes instrumentos:

-Proxecto de empresa:

Os alumnos/as elaborarán ao longo do curso un proxecto de empresa en equipos de 2 a 3 alumnos/as. As actividades do proxecto que non sexan presentadas nos prazos establecidos só poderán ser entregadas noutro prazo por causa xustificada documentalmente. As actividades non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da avaliación. Este proxecto de empresa será elaborado en paralelo ao tratamento dos

contidos de cada unidade. O instrumento de avaliación empregado para avaliar o Proxecto de empresa será unha Táboa de Observación que o alumno coñecerá previamente.

Para que, o plan de empresa, sexa valorado positivamente deberá conseguir unha nota mínima de 5 sobre 10.

Esta nota suporá o 60% da puntuación da avaliación.

-Probas escritas:

Realizarase unha proba escrita por cada trimestre. Nesta proba habrá 10 preguntas tipo test, cun peso do 20%, tres ou catro preguntas breves cun peso do 30% e. dous casos prácticos cun peso do 50%. Nas preguntas tipo test só presentárase unha resposta correcta entre as posibles, que o alumno/para poderá contestar ou deixar en branco; as respostas en branco non puntuán, as respostas incorrectas, tampoco puntuán,. Na resolución dos supostos prácticos o alumno deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

En cada proba, que puntúa sobre 10, indicárase o valor de cada cuestión. Aquel alumno/a que non asista á realización da proba na data da súa realización, non terá dereito a recuperala en data distinta salvo causa xustificada documentalmente.

As probas non superadas poderán ser recuperadas antes do remate da avaliación. Para que a proba escrita sexa valorada positivamente deberá conseguir unha nota mínima de 5 sobre 10.

Esta proba suporá o 40% da nota de avaliación trimestral.

Cada avaliación considerárase aprobada cando se obteña unha puntuación global igual ou superior a 5.

A cualificación da primeira avaliación obterase valorando os apartados do proxecto de empresa elaborados no trimestre e a proba escrita relacionada coas unidades traballadas no trimestre. O cálculo da cualificación farase tendo en conta as seguintes ponderacións: Proxecto de empresa 60%, proba escrita 40%.

A cualificación da segunda avaliación obterase valorando o proxecto de empresa completo e a media das valoracións obtidas nos dous trimestres nas probas escritas. Para facer este cálculo seguirase a ponderación: Plan de empresa 60%, probas escritas 40%.

En caso de superar o módulo na segunda avaliación, a cualificación rexistrada será a cualificación final.

Criterios de cualificación:

- As probas valóranse sobre 10 puntos, sendo ou non variable o reparto desta puntuación entre as cuestións presentadas, xa que isto depende da tipoloxía de ditas cuestións.
- Para o cálculo das calificacións, tanto trimestrais como finais, utilízase o redondeo matemático, é dicir, sempre que o decimal sexa 5 ou mais, subese a nota ao enteiro mais próximo, senón mantense a nota inferior.

- Formación no centro educativo: 53 horas.
- Formación na empresa: 0 horas

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Os alumnos que non superen o módulo no mes de febreiro, realizarán unha proba de recuperación dos contidos non superados no mes de setembro, antes da avaliación final de módulos. Nesta proba presentaranse unha serie de preguntas tipo test, que nalgúns casos será completada con supostos prácticos. Nas preguntas tipo test só presentárase unha resposta correcta entre as posibles, que o alumno/para poderá contestar ou deixar en branco; as respostas en branco non puntuán, as respostas incorrectas restan na proporción tres incorrectas unha correcta. Na resolución dos supostos prácticos o alumno deberá demostrar que é coñecedor da teoría aplicable e dos procedementos para resolver a situación que se presenta.

Na proba, que puntúa sobre 10, indícase o valor de cada cuestión e superará o 40% da cualificación.

Ademais deberá presentar o día da proba o seu proxecto de empresa, sempre e cando non teña xa superado os criterios de avaliación relacionados, e non fora entregado con anterioridade. O plan de empresa supón o 60% da cualificación.

A data desta proba de recuperación será comunicada aos alumnos implicados no proceso coa antelación suficiente á súa celebración, ben sexa dun xeito verbal ou con notificacións nos taboleiros de anuncios para o público coñecemento por parte dos mesmos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Non se contempla unha proba de avaliación extraordinaria, por ser FP dual, xa que o alumnado poderá ser excluído do proxecto de formación dual por faltas repetidas de asistencia e/ou puntualidade non xustificadas. segundo a mesma Orde de 14 de Xuño de 2018 pola que se autorizan proxectos experimentais de formación profesional dual de ciclos formativos de formación profesional en centros educativos, en colaboración con diversas entidades.

Consideraranse faltas repetidas de asistencia máis de 4 días (consecutivos ou non) sen xustificar no mesmo módulo.

Para as faltas de puntualidade está xa recollido nas NOF que 3 faltas de puntualidade son 1 de asistencia.

Polo tanto o alumno que acada este número de faltas non pasa pola perda de Avaliación continua, xa que quedaría excluído do Ciclo Dual.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

De xeito periódico, nas reunións de departamento que se celebren, irase facendo un seguimento do desenvolvemento da programación do módulo, co fin de comprobar a súa adecuación á planificación temporal inicial e ao grupo que se lle está a impartir.

Dito seguimento recollerase semanalmente na aplicación de programacións, e será remitido mensualmente ao titor ou titora correspondente. O seguimento das actividades do alumno durante o período da empresa farase polo titor tendo en conta a Orde do 14 de Xuño de 2018.

Ao remate do módulo farase unha avaliación en conxunto do mesmo, coa finalidade de analizar o impartido durante ese período e os resultados obtidos. Desta avaliación deberanse extraer datos para poder revisar a programación de cara a vindeiros períodos.

Ao remate do curso académico a persoa que exercera a docencia deberá entregar un informe final que conterá o grao de desenvolvemento da programación, aqueles aspectos máis significativos que considere se deberían de tratar para o vindeiro ano e as modificacións oportunas (en canto a reducións de contidos ou ampliación dos mesmos, instrumentos de avaliación a aplicar, materiais, etc.)

Ademais do anterior, na avaliación da propia práctica docente son tidos en conta os resultados obtidos nas enquisas de satisfacción coa labor docente que son realizadas tódolos cursos aos alumnos, e nas que estes indican as súas valoracións sobre diferentes aspectos da práctica docente de cada un dos seus profesores.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polo profesor
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e o profesor.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e do profesor.
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregado.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan, valorando tanto a súa situación actual como aquelas que puideran ser coñecidas polo aporte do seu expediente académico previo, por indicacións do departamento de orientación, por achegas da propia familia, etc.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Salvo que se estableza o contrario, a avaliación farase de maneira oral e/ou con cuestionarios breves, dando coñecemento dos resultados aos membros do equipo docente para a toma de medidas que puideran ser necesarias no desenvolvemento correcto das actividades formativas dentro da aula.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Naqueles casos que se apreciara na avaliación inicial a presenza na aula de alumnado con necesidades educativas especiais, adaptacións de medios ou materiais, o profesor correspondente deberao poñer en coñecemento do equipo docente e das instancias oportunas dentro do centro.

Unha vez valorada a situación por parte do persoal correspondente tomaranse as medidas oportunas, contando coa participación do persoal docente do módulo e aquelas outras persoas do departamento de Orientación ou persoal destinado pola Consellería de Educación aos efectos.

Nesta atención á diversidade encuadrarase toda aquela actuación educativa dirixida ás diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, diferentes motivacións, situacións sociais, étnicas e de saúde do alumnado.

O docente, coa axuda dos medios humanos e materias que se poidan por á súa disposición, debe axustar a axuda pedagóxica e facilitar os recursos e estratexias necesarias para dar resposta ás diferentes necesidades educativas do conxunto do alumnado.

Póderanse adoptar de acordo coas indicacións do departamento de Orientación e das instancias da Consellería de Educación medidas ordinarias de atención á diversidade (que non modifican os elementos prescritivos do currículo) ou ben medidas extraordinarias de atención á diversidade (podendo modificar os elementos prescritivos do currículo se así se considera oportuno).

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Dentro de cada unha das unidades didácticas establécense os contidos actitudinais, cun conxunto de contidos educativos que estarán presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Serán motivo de reflexión, e debate coa coeducación, e a interculturalidade como fondo, así como a interacción entre o alumnado e o profesorado para evitar a transmisión de prexuízos e o currículo oculto, sendo a guía que servirá para enmarcar a adquisición do resto dos contidos e aprendizaxe.

Traballaranse especialmente os seguintes:

- 1.- Educación para o medio ambiente: o aproveitamento de recursos naturais de forma racional nos países, a reciclaxe e a reutilización a nivel individual (intentarase fomentar o uso de materiais reciclados), e no medio de traballo.
- 2.- A educación no consumo racional e responsable no que se refire ás economías de mercado, e no traballo produtivo.
- 3.- Respecto da dignidade e non explotación dos traballadores como posibles futuros/as empresarios/as.



4.- Educación para a paz e a non violencia: a conciliación como sistema de solución de conflitos, a violencia sexista.

5.- Educación para a saúde: Concienciación da prevención de riscos e a importancia da seguridade e hixiene nos traballos dentro da faceta produtiva dunha empresa.

6.- A igualdade e non discriminación no acceso ó mercado laboral, nas categorías salariais e nas condicións de traballos, causa de nulidade dos despedimentos.

7.- Análise das profesións con menor índice de presenza feminina para a incorporación como forza de traballo na empresa.

8.- Emprego de ferramentas que respecten a propiedade intelectual dos autores. Promoción do emprego de software libre e non privativo, evitando o uso de programas que non sexan orixinais, para aquelas actividades que necesiten da utilización de ferramentas informáticas.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

A realización das actividades complementarias dependerá da situación actual derivada polo COVID-19.

Dentro das actividades COMPLEMENTARIAS que se levarán a cabo ao longo do ano poderase contar con relatorios, conferencias (expertos de empresas, Universidades, expertos en materias relacionadas coa xestión empresarial en distintas vertentes) ou algunha saída a organismos públicos (concello, facenda, seguridade social, etc) ou empresas do entorno.

Todas estas actividades serán levadas a cabo dentro do horario escolar, co coñecemento e a pertinente aprobación do consello social. Estas actividades poderán ser organizadas polo departamento de Formación e Orientación Laboral en solitario ou ben conxuntamente coa participación doutros departamentos técnicos ou do departamento de Orientación ou dende a área de emprendemento.

Dentro das actividades EXTRAESCOLARES, que exceden do horario escolar, poderase organizar, conxuntamente con outros departamentos técnicos visitas a empresas do sector, centros de ensino, etc. Tamén caberá a posibilidade de visitar actividades como Galiemprego, Día do Emprendedor, ou outras similares, sempre en función do interese do alumnado e da dispoñibilidade orzamentaria do departamento, así como da oferta das entidades públicas ou privadas que colaboren cos centros educativos.

Tamén cabería a organización dalgunha actividade formativa fóra do horario escolar para o aproveitamento do alumnado en materia empresarial, de emprendemento, etc

10. Outros apartados

10.1) Presentación do módulo e avaliación inicial.

A primeira sesión do curso académico dedicárase á presentación do módulo, a información sobre a programación e a avaliación inicial dos alumnos/ as.

- Presentación de alumnos/ as e profesora:

A profesora, así como os alumnos e alumnas presentaranse persoalmente. A finalidade é permitir un coñecemento inicial e romper barreiras sociais a efectos de favorecer a comunicación entre os compoñentes do grupo. Cando o grupo sexa de continuidade, non será necesaria esta actividade.

- Presentación da programación do módulo:

A profesora utilizando unha presentación realizará unha exposición dos elementos que constitúen a programación coa finalidade de que os alumnos/ as adquiren unha visión global da mesma: unidades didácticas, resultados de aprendizaxe, obxectivos, criterios de avaliación, instrumentos de avaliación, contidos e metodoloxía.

A programación estará ao dispor do alumnado para que poida ser consultada na páxina web do centro e na aula virtual.

- Identificación dos coñecementos previos dos alumnos/ as en relación co módulo profesional:

Trátase de coñecer o punto de partida do coñecemento do alumnado, referido aos contidos que serán desenvolvidos no módulo, mediante un cuestionario preparado para o efecto en formato de preguntas abertas.

10.2) Adaptación á situación COVID 19

Dado que o presente curso volve estar condicionado pola situación sanitaria provocada polo Covid 19, e sendo imposible prever como se desenvolverá o mesmo en canto á presencialidade nas aulas, no caso de ter que permanecer por algún tempo con ensinanza semi- presencial ou non presencial poderase realizar o proceso de ensino - aprendizaxe a distancia mediante os recursos telemáticos dos que dispoñemos:

- Aula virtual, na que se encontran todos os contidos da materia.

- Vídeo conferencias, nas que se poden comentar e explicar ditos contidos coa base das presentacións da aula virtual e resolver ás dúbidas que se plantexen.

En relación cos instrumentos de avaliación, no caso de ser necesario, tanto as probas escritas como as actividades de aula realizaranse a través do aula virtual.

Para a realización das probas escritas utilizarase a actividade: Cuestionario, que permite a profesora deseñar e expor cuestionarios con preguntas tipo opción múltiple, verdadeiro/falso, coincidencia, resposta curta e resposta numérica.

Para a presentación das actividades de aula utilizarase ó módulo de: Tarefas, que permite á profesora avaliar ou aprendizaxe dous alumnos mediante a creación dunha tarefa a realizar que logo revisará, valorará e cualificará.

A tal fin, durante os primeiros días de clase, en setembro, a profesora facilitará ao alumnado a matriculación no módulo de formación e orientación laboral, na aula virtual do centro, a metodoloxía de traballo na mesma, así como o uso das ferramentas dixitais.

Procedementos para avaliar nos distintos casos afectados polo Covid-19:

- Ensino presencial: A avaliación realizarase segundo os criterios de avaliación indicados no apartado 5.

- Ensino semi-presencial: No caso de que algún alumno/a este en cuarentena terá dereito a asistir as clases de forma telemática. Avaliaríase igual que no ensino presencial, as probas escritas faranse a través da aula virtual e os traballos se entregarán na aula virtual. A avaliación realizarase segundo os criterios de avaliación indicados no apartado 5.

- Formación telemática por estar todos en cuarentena: Impartiranse as clases telemáticamente, respetando o horario do curso, e o método de avaliación sería 40% as probas escritas a través da aula virtual e 60% as actividades relacionadas co proxecto de empresa entregadas tamén a través da aula virtual. A avaliación realizarase segundo os criterios de avaliación indicados no apartado 5. Intentarase respetar o reparto das unidades didácticas por avaliación.

No caso de que fora necesaria a impartición na modalidade semi presencial, ou ben a distancia teremos as premisas seguintes: Será preciso que o alumno dispoña de conexión a internet, ordenador, web cam e micrófono para poder realizar as sesións online mediante o programa Cisco Webex ou Falemos Xunta.

Para o caso de actividades de recuperación e proba de avaliación extraordinaria realizarase do mesmo xeito descrito nos apartados 6.a) e 6.b) desta programación.

No caso de evidenciarse copia de actividades ou probas escritas, o alumno/a será cualificado con cero puntos na citada proba.